

#### **4. Resolución de expedientes de contratación.**

Por Providencia de Alcaldía de data 25-06-2009, aprobouse iniciar o expediente para a contratación da obra "realización de saneamento no núcleo de Tella", motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Con data 09-07-2009, incorporouse ao expediente o Prego-tipo de Cláusulas Administrativas Particulares da Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP nº 98 do 29 de abril de 2008, que han de rexer a adxudicación do contrato.

Mediante Resolución de Alcaldía número 188/2009, de data 09-07-2009, aprobouse o expediente e o Prego de Clausulas Administrativas para a adxudicación da obra "realización de saneamento no núcleo de Tella", por procedemento negociado sen publicidade, así mesmo se procedeu a autorizar o gasto que supón a súa adxudicación.

Con data 09-07-2009, solicitáronse ofertas ás seguintes empresas e empresarios:

- CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.
- OBRAS XERAIS, S.L.
- ESPINA&DELFÍN, S.L.

Con data 22-07-2009, certificáronse as ofertas que constan no expediente.

Con data 27-07-2009, o órgano de contratación adxudicou provisionalmente a favor da empresa ESPINA&DELFÍN, S.L. o contrato da obra "realización de saneamento no núcleo de Tella", polo prezo de 143.670,86 € (123.854,19 euros de base imponible e 19.816,67 euros de IVE).

Con data 27-07-2009, a adxudicación provisional publicouse no Perfil de Contratante do órgano de contratación.

A adxudicación provisional notificouse ao adxudicatario ESPINA&DELFÍN, S.L., requiríndoo para que presentase a documentación xustificativa de acharse ao

corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e constituíse a garantía definitiva.

Con data 10-08-2009, (R.E. núm. 2.867/10-08-2009), o adxudicatario provisional, ESPINA&DELFÍN, S.L., constituíu a garantía definitiva por importe de 6.192,71 euros, e presentou os documentos xustificativos esixidos.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 135.4 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente, celebrada o día 27-08-2009, acorda:

**PRIMEIRO.** Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato da obra "Realización de saneamento no núcleo de Tella" aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27-07-2009 e publicada no Perfil de Contratante.

**SEGUNDO.** Dispoñer o gasto con cargo á partida 2009.441.9d.601.00 do presuposto vixente de gastos.

**TERCEIRO.** Notificar a ESPINA&DELFÍN, S.L. adxudicatario do contrato, o presente acordo e citalo para a sinatura do contrato que terá lugar o día 28-08-2009, a partir das 12.00 horas.

**QUINTO.** Publicar a adxudicación definitiva do contrato da obra "Realización de saneamento no núcleo de Tella", no Perfil de contratante do órgano de contratación.

**SÉTIMO.** Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.